



5 - Atocha Alta




O ano 1937, se gundo ano da represión franquista no noso País, o barrio coruñés das Atochas soñiu o ataque conxunto das forzas fascistas, en diversas casas dos veciños antifranquistas. Queremos lembrar eses feitos cos testigos, cos veciños e veciñas, cos historiadores, cos loitadores e loitadoras que se tenta anos despois seguen pedindo a berros: Xustiza!!! A memoria está fresca para os protagonistas, e a historia da nosa cidade, inda que tantos anos manipulada, non pode ser desprezada co silencio. Os verdugos cobráronse neses días máis de vinte vítimas; moitos mallados ata a extenuación, moitos orfos, viuvas e viuvos, amais dos que vivían-morrendo neses tempos nas cadeas coruñesas, tanto no Castelo militar do Sto. Antón, como na prisión provincial, en Monte alto. E moitos máis ficaran xa soterrados nos cementerios ou nas gavias de Galiza.

3 - Cine Hércules (Rúa San José)



Lugar de encontro de todos os veciños do barrio onde os soños cinematográficos facíanse realidade, tamen organizáronse veladas de boxeo. No primer piso foi fundada unha asociación cultural promovida por veciños do barrio. Centro Cultural Herculino que funcionou ata 1934. Xa no 36 funcionou o Ateneo Cultural de A Coruña que era tapadera dunha Loxia Masónica. Na rúa Igualdade nº 8 — 1º temos constancia documental por medio da incautación policial dunha Loxia Masónica chamada Pensamiento y Acción.


2 - Casa de A Corales (Rúa San Juan esq San Jose)



Nº 2 Atocha Alta: domicilio de "A Corales" ate mediados de xuño de 1937. ALVAREZ GONZÁLEZ, BASILISA "CORALES" OU "SOFÍA RODRÍGUEZ".

Vendedora de peixe na Coruña, integrante da sección coruñesa de "Mujeres Libres" e militante da Sección de Empacadoras do Sindicato de Industria Pesquera, no que foi delegada do seu colectivo en distintas ocasións. Despois do golpe militar de xullo de 1936 participou nas redes de apoio a fuxidos. Na súa vivenda do nº 2 da Atocha Alta, tivo acollidos aos membros das Juventudes Libertarias Fernando Caamaño, Antonio Chamorro e Jesús Rodríguez, ata que o 18 de xuño de 1937 foron descubertos; mentres o veciño da rúa Marconi Antonio Chamorro era detido tras enfrontarse ás forzas represivas, Basilisa e o resto de militantes agachados conseguiron fuxir medio espidos polas rochas das Adormideras. Posteriormente, tomou o nome clandestino de Sofía Rodríguez e pasou a vivir de maneira moi precaria da mendicidade e da prostitución ocasional, tomando parte na tentativa de fuga da trainera "Tres Hermanos" nas Xubias, polo que foi apresada e condenada a 20 anos de cárcere o 16 de novembro de 1938. Na cadea coruñesa distinguíuse por plantar cara aos gardas civís e funcionarios de prisións, apoiando ás rapazas novas que caían presas. Xa en liberdade, nos anos 40 mudouse a unha vivenda situada na Atocha Alta facendo esquina con Marconi, onde tamén residía a antiga integrante das Juventudes Libertarias, Consuelo Meifín.

10 - Campo de Marte.



Ramón Maseda. Dirixente socialista e presidente. Impulsor e líder do cooperativismo obreiro. O Cooperativismo obreiro estará na base de iniciativas como a Cooperativa de Casas Baratas do Campo de Marte (1920) e a Sociedade Cooperativa de Casas Baratas "Concepción Arenal" (1928). No plano de Fermín Gutiérrez (1931-35), dibúxase o Campo de Marte e delinse o trazado da CIDADE SATELITE CONCEPCIÓN ARENAL que liderada por Ramón Maseda é un auténtico MANIFIESTO DO DEREITO Á CIDADE da clase obreira: A materialización no Plano dunha iniciativa na que 1000 asociados "....hacen frente único y resolverán de una vez el problema de la vivienda para sí y para el resto de sus conciudadanos, (...)" con la edificación de un millar de viviendas... (Memoria 1930).

8 - Rúa Marconi




Nesta rúa vivían moitas familias sindicalistas da CNT. A casa da familia Villaverde, a da familia Chamorro, a da familia No e a da familia Torres Meifín.

7 - Rúa Disciplina (Rúa libertade)



A rúa Disciplina é o nome imposto polo forza da violencia para desterrar o nome verdadeiro Rúa LIBERTADE. Os tempos actuais son tempos de libertades e non esquecemos os nomes democráticos do noso rueiro. Preto da rúa Libertade na rúa Igualdade nº 8 — 1 estaba a Loxia Masónica Pensamiento y Acción.

9 - Rúa A Torre (Panadería de José Sánchez Triñanes)




Militante do Ramo de Agua da Coruña e fundador do Clube do Mar nos tempos da II República. Reclamado pola fuga dos barcos Esperanza, "Lourdes" e os "Fragios" en xullo do 37, na que se fugou tamén o líder das tabaqueiras coruñesas Severino Chacón. Estaba en La Rochelle xa no tempo da ocupación alemá. Foi un dos primeiros militantes da FL de La Rochelle coa derrota dos alemáns. Segundo J. Vergara, participou nun intento de atentar contra Franco con Vergara e outros dous militantes galegos, Miguel Vázquez Valiño e Antonio Martínez. Colabora dende Saint Pierre Quilbignon nunha suscripción da CRG no Exilio para axuda aos gastos do Secretariado da CRG e por un compañeiro enfermo, en agosto de 1946. Participou nas actividades da CRG no exilio, dende Bagnères de La Rochelle (Francia), en 1946. En outubro de 1947 representa ás FL de La Rochelle e Saintes, e á Regional Nº 12 no II Congreso do MLE-CNT en Francia. En outubro de 1947 actúa como Delegado da Agrupación de Milicias Gallegas (Delegación de Armamentos en Francia), enviándolle a Campio Carpio unha credencial do enlace desta organización na Galiza. Na secretaría do Comité Regional en La Rochelle entre 1948 e 1949. A súa compañeira Carmiña foi buscala a Francia e volveu a Galiza, ao parecer foi detido na fronteira, no comezo da década dos 50. Para contextualizar os datos podes usar o noso libro. Nel atoparás máis información da fuxida dos "Fragios", "Esperanza" e "Lourdes", así como da formación da Confederación Regional Galaica no Exilio, na que Triñanes tivo unha participación moi destacada. En certo sentido, poderíamos consideralo o número 2 da devandita Confederación, xa que o liderazgo da reconstrución do anarquismo galego foi liderada por Miguel Vázquez Valiño.

6 - Campo de Artillería.





Neste lugar temos documentado o local dun Ateneo Libertario Generación Consciente creado no ano 36 Local sito en Campo de Artillería 25 baixo.

4 - A Panadería (Rúa A Torre)



Era propiedade dun simpatizante libertario e por iso durante a República dáballes traballo a todos aqueles obreiros que eran despedidos nos conflitos laborais, sobre todo aos afiliados do potente Sindicato de Panaderos da CNT. No seu forno traballaron, entre outros, o que fora secretario da Federación Local Obrera, José Moreno, o tamén anarquista José Platas casado coa irmá daquel, Armonía, e o cadro do Sindicato de Panaderos Alejandro Basilio Palacios, que será vilmente asasinado en 1936. Na fotografía de final da República que conserva Mariquiña Villaverde, o dono é o primeiro na esquerda en camiseta, Moreno ao seu carón con funda, Platas acomodando os panes n mesa e Palacios nun ángulo á esquerda. Nos primeiros tempos do golpe militar, nas Atochas destacou o sacrificio de moitas mulleres que acolleron a perseguidos nas súas casas, o que lles correu duras condensas e malos tratos por parte dos franquistas.



1 - Campo da Leña:



Lugar de encontro. Zona central onde conxerxa o barrio.